21-I-76. García Sabell

Querido Luis: Recibín o voso saúdo. I, en Madrid, entregáronme o "Insectario". É ún dos álbumes máis fermosos que levas feito.

Cada grabado rebule de incitaciós e suxerencias. Ise mundo dos bichos escuros é como un feixe de lembranzas que se engarratiñaran na imaxinación. Ele lévanos á paisaxe, ás poulas caídas, aos pequenos buratos por onde emerxe ise mundo inquedante que ti, maxistralmente, expresas.

E todo por ti vive: as patas como xancos, as cacholas enigmáticas, os grillóns na cadea dos corpos. Todo vive, si, e todo se amostra. O cartafol é como un gran penedo ao que se lle dou a volta e rebenta na pululación formigueira de cen orgaísmos segredos.

E tamén atopo no teu "Insectario" o esplendor rutilante de corpos que son como barcos na noite. E

altivas testas tiránicas, frías, crueles. E atitudes dunha rara elegancia. E complicadas redes, e pérfidos labirintos.

E todos, en conxunto, fan o innumerable desfile do que se oculta, do que se aconchega, do que está á espreita, do que brila na luz, do que chouta, da xorda e abigarrada feira da vida primaria, da fidelidade biolóxica, da terra a carón do humus orixinario. Ise humus no que están envolveitos os nosos mortos — e no que nós tamén nos envolveremos. O humus dende o que nos será dado ollar para os bichocos espléndidos. Como ti, agora, fitache neles. Cos teus ollos creadores e garimosos de artista galego. Gracias, querido Luis, por iste teu xeneroso gasallo.

× × ×

Penso dar para o proisimo [...]

o texto da miña presentación do outro cartafol, o das caracolas e os ramallos.

x x

Tamén tiven parte na que se levou a cabo, en Areas, do coaderno de Xohan Ledo. Tanto Xosé Día como o propio Ledo estiveron moi b

x x

E agora, un pedido, si é que é posibel. Trátase de Luis Caparrós, bó periodista i encendido ademirador teu. O outro día paróume na rúa para solicitar a miña intercesión cebo de ti. Desexa un dibuxo, por sinxelo que sexa, da sua faciana. Un retrato, non para publicar, senon para ter na casa. Polo visto é unha vella ilusión, un antigo desexo que, deica istes intres, no se atreveu a formular. Díxenlle que foi unha pena nono houbera dito cando ti estabas eiquí,

que eu houbera aituado de apresentador. Pro o home, inda que non é galego, é tímido. E velahí!

Si ti te animas a trapar uns contornos, eu encantado. Pro, de todos xeitos, considera a miña intervención como unha obriga á que non puiden esquivarme.

Acompaño a foto que me remesou eiquí, a Santiago, o interesado.

X X

E, por hoxe, ren máis. Nós sempre agardando, e acabades de marchar, a vosa volta.

O país non vai mal. Seguimos con un certo optimismo condicionado.

Apertas ben cariñosas de Elena e miñas para Maruxa e para ti.

Teu decote,

Domingo.